

**PROGRAMACIÓN**  
**ESCOLA DE**  
**QUINTÁNS**

**Curso 2020-2021**

**Titora: Paula Iglesias Suárez**

## **ÍNDICE:**

1. INTRODUCCIÓN
2. CONTEXTUALIZACIÓN
3. OBXECTIVOS
4. COMPETENCIAS BÁSICAS/CLAVE
5. CONTIDOS NA PROGRAMACIÓN
6. METODOLOXÍA
7. AVALIACIÓN
8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN INFANTIL
9. ESTÁNDARES E CRITERIOS DE APRENDIZAXE AVALIABLES PRIMARIA
10. UNIDADES DIDÁCTICAS
11. PROXECTOS DIDÁCTICOS
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
14. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR
15. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs.

## **1. INTRODUCCIÓN ( Ver programación 19-20)**

\*Ao tratarse dunha programación de 5 niveis, no 1º nivel de concreción temos como referentes:

- o *Real Decreto 1630/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do 2º Ciclo de Educación Infantil.*
- o *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil en Galicia.*
- o *Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que establece o currículo básico da educación primaria.*
- o *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O 2º nivel de concreción é o Proxecto Educativo, no que se concreta e desenvolve o currículo atendendo ás características particulares do contorno, do centro e do alumnado. E finalmente chegamos á Programación Didáctica de aula, a cal supón o 3º nivel de concreción, na que adapto os niveis anteriores ás características do meu grupo, tendo en conta tamén a *Orde do 25 de xuño do 2020, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020-2021.*

## **2. CONTEXTUALIZACIÓN: ( Ver programación 19-20)**

\*A escola de Quintáns, da que eu son titora, atópase na parroquia de Isorna e forma (xunto coas escolas de Cruceiro, Outeiro, Cuvide, Capela, Pazo, Abuín e Rañó) o Colexio Rural Agrupado (CRA) de Rianxo, que se atopa no concello do mesmo nome.

No presente curso, esta escola está formada por unha única unidade que escolariza alumnado de 5 niveis. A distribución do alumnado é a seguinte:

- \* 4º de Educación Infantil (3 anos): 1 alumno
- \* 5º de Educación Infantil (4 anos): 1 alumna
- \* 6º de Educación Infantil (5 anos): 1 alumno
- \* 1º Nivel de primaria (6 anos): 1 alumnos
- \* 2º Nivel de primaria (7 anos): 2 alumnos

### **3. OBXECTIVOS ( Ver programación 19-20)\_**

#### **\* OBXECTIVOS XERAIS EDUCACIÓN INFANTIL:**

Reforzaremos e incidiremos especialmente naqueles obxectivos que non puidemos traballar pola situación de confinamento vivida, por exemplo:

#### *ÁREA DE COÑECEMENTO E AUTONOMÍA PERSOAL*

- Participar, de xeito habitual e autónomo, en tarefas da rutina diaria.
- Desenvolver hábitos e actitudes básicas de seguridade, hixiene, saúde e benestar emocional.
- Reproducir unha imaxe axustada e positiva de si mesmo a través da interacción cos demais.
- Identificar , de xeito gradual, as propias características, posibilidades, limitacións, emocións e sentimentos, necesidades e preferencias e ser capaz de comunicalos.
- Adecuar o comportamento ás necesidades dos outros desenvolvendo hábitos de respecto e axuda aos demais, evitando, de igual maneira, comportamentos dominantes ou sumisos.

#### *ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO*

- Relacionarse cos demais de xeito equilibrado e satisfactorio, avanzando cara a adquisición de pautas de comportamento e axustando, en consecuencia, a súa conduta.

#### *ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN*

- Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas utilizando calquera forma de comunicación segundo a intención e situación do momento.
- Empregar a lingua oral como instrumento habitual de comunicación, representación e desfrute comprendendo mensaxes de outros e adquirindo actitudes de resposta adecuadas a dita mensaxe.
- Mostrar interese polo coñecemento da lingua escrita e a literatura a través da escoita de contos, da biblioteca de aula, de representacións, ou calquera tipo de

expresión artística froito da mesma.

**OBXECTIVOS XERAIS PARA 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA:** ( Ver programación 19-20)

**OBXECTIVOS XERAIS PARA 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA:** ( Ver programación 19-20)

**\*Engádense os seguintes obxectivos que non se puideron traballar en profundidade o curso pasado pola situación de confinamento:**

#### LINGUA GALEGA E LITERATURA

-Desenvolver a habilidade lectora: descodificación correcta, lectura mental, entoación e ritmos axeitados...

-Recoñecer a información relevante de textos informativos sinxelos.

Redactar textos de estrutura e intención diversa (narracións, descricións, anuncios, diarios persoais...) seguindo estratexias ou pautas dadas que lles permitan identificar o tipo de texto.

-Utilizar a terminoloxía lingüística e gramatical de forma básica para a produción de textos e coñecer as normas ortográficas máis sinxelas.

#### LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA:

-Leer teniendo en cuenta los signos de puntuación y con buena entonación.

-Escribir "r" al principio de palabra y "rr" entre vocales.

-Escribir "m" antes de "p" y "b".

-Utilizar mayúsculas en nombres propios.

-Iniciar las oraciones con mayúscula y terminar en punto.

#### CIENCIAS DA NATUREZA :

-Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado corporal que se derivan do coñecemento dos aspectos básicos do seu corpo.

-Identificar os elementos principais do contorno natural, partindo do próximo ao afastado.

-Iniciarse na observación guiada dos elementos principais do contorno natural.

-Iniciarse na recollida de datos do contorno natural.

### CIENCIAS SOCIAIS

-Coñecer como se organiza o seu ámbito máis próximo (barrio, municipio...).

-Ser consciente da súa pertenza certos grupos sociais (familia, colexio e outros grupos de iguais) con características e trazos propios.

### MATEMÁTICAS:

-Usar diversas estratexias de resolución de problemas aplicando as operacións coñecidas e comprobando as solucións.

- Aplicar coñecementos e habilidades matemáticas noutros contextos e na vida cotiá.

**4. COMPETENCIAS BÁSICAS/CLAVE ( Ver programación 19-20)\_**

**5. CONTIDOS NA PROGRAMACIÓN: ( Ver programación 19-20)\_**

**6. METODOLOXÍA: ( Ver programación 19-20)\_**

\* No caso de confinamento as actuacións metodolóxicas que levaríamos a cabo serían:

- Co alumnado de educación primaria traballar de forma individual a través de videochamadas diarias nas que avanzaríamos nos contidos programados.

- Subir semanalmente á aula virtual diferentes propostas de traballo para que os nenos e nenas que por motivo de probas relacionadas co COVID, cuarentenas, etc. puidesen seguir avanzando na súa aprendizaxe.

- Se a ausencia do alumnado se prolongase no tempo faríamos videochamadas semanais conxuntas co resto de compañeiros e compañeiras da escola para que desta forma sigan avanzando na socialización.

- Ao alumnado de educación infantil colgaránselle na aula virtual diferentes propostas de traballo e unha vez á semana faraselle unha videochamada conxunta para que podan manter contacto co resto de compañeiros e compañeiras da escola.

-A través do grupo de whatsapp respostaráselle ás dúbidas que podan surxir coas actividades que se propoñan.

- Iranse compartindo enlaces webs que se consideren interesantes, videos, etc.

**7. AVALIACIÓN ( Ver programación 19-20)\_**

**8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN ( Ver programación 19-20)\_**

**9. ESTÁNDARES E CRITERIOS DE APRENDIZAXE AVALIABLES PRIMARIA  
( Ver programación 19-20)\_**

## **10. UNIDADES DIDÁCTICAS**

### **UNIDADES DIDÁCTICAS DE INFANTIL**

En Educación Infantil desenvolveranse unha serie de unidades didácticas cujos centros de interese irán xurdindo dos intereses e motivacións dos nenos ao longo do curso. Así, deste xeito, a duración das unidades dependerá do interese que mostren os nenos cara o tema central da unidade.

### **UNIDADES DIDÁCTICAS DE PRIMARIA**

A Educación Primaria desenvolverase a través das unidades didácticas dos libros de textos que, a nivel aula, se decidiu para as seguintes materias: lingua galega, matemáticas, ciencias da natureza e ciencias sociais.

1º de PRIMARIA:

LINGUA GALEGA: : “Pezas 1”. Anaya (Proposta globalizada).

MATEMÁTICAS. Libro de texto Matemáticas 1 “Saber hacer”. SANTILLANA

CIENCIAS DA NATUREZA. : “Pezas 1”. Anaya (Proposta globalizada).

CIENCIAS SOCIAIS. : “Pezas 1”. Anaya (Proposta globalizada).

2º de PRIMARIA:

LINGUA GALEGA. “Pezas 2”. Anaya

MATEMÁTICAS. Libro de texto Matemáticas 2 “Saber hacer”. SANTILLANA

CIENCIAS DA NATUREZA. “Pezas 2”. Anaya

CIENCIAS SOCIAIS. “Pezas 2”. Anaya

En lingua castelá non optamos por libro de texto, polo que as unidades didácticas desta materia serán abertas, e irán xurdindo a partir dos intereses, acontecementos do día a día, inquietudes ou motivacións que mostren os nenos.

## **12.-PROXECTOS DIDÁCTICOS**

Paralelamente, ao desenvolvemento das Unidades Didácticas levarase a cabo o traballo por proxectos, tanto a nivel centro como a nivel aula.

**A nivel centro** o Proxecto Documental Integrado deste curso ten como temática os contos impresos e de tradición oral e por nome “FIOS DE PALABRAS”.

## **13.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ( Ver programación 19-20)\_**

## **15.-ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR**

**( Ver programación 19-20)\_**

## **16.-ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs.**

**( Ver programación 19-20)\_**